



Ayuntamiento de Vigo
Secretaria General-Pleno
Expte. 4208/1101

DILIGENCIA: Para hacer constar que el presente edicto estuvo expuesto en el Tablón oficial de anuncios de este Ayuntamiento, durante el plazo reglamentario.

Vigo, 03-05-2024
El Secretario General
P.A.

El Jefe del Registro General.
Jose Manuel Gonzalez Ucha



Expte: 2355/232
Expte: 3 MAIO 2024

Resolución.- Limitación da asistencia ás sesións plenarias.

- 1.- Foron vistas as resolucións de Alcaldía de 26/12/2023, de 26/01/2024, de 09/02/2024, e de 19/02/2024, dictadas no expediente 4208-1101.
- 2.- Foi visto o informe da Policía Local de data 26/02/2024, asinado polos axentes co identificativo profesional 294481 e 294510, referido á sesión plenaria celebrada o 26/02/2024. No mesmo recóllense as incidencias referidas ao público asistente á sesión plenaria citada.

Consta no xestor de expedientes doc 240068735.

Consideracións

Primeira.- O art. 49.2, 3 e 4 do Regulamento orgánico do Pleno do Concello de Vigo (BOPPO núm. 87 do 10/05/2021) dispón:

«2. *Corresponde á Presidencia a materialización do dereito fundamental dos cidadáns de Vigo participar nos asuntos públicos a través dos seus representantes. É deber da Presidencia preservar a correcta orde das sesións ostentando para iso inherentes poderes de dirección no salón de Sesións ao obxecto de posibilitar que o Pleno cumpra a súa función participativa e democrática. A Presidencia chamará á orde, procedendo inclusive á expulsión, ás persoas que, por calquera causa, impidan o normal desenvolvemento da sesión.*

3. *Sen prexuízo da súa amoestación e, no seu caso, expulsión, ás persoas que no transcurso dun Pleno foran reiteradamente chamadas á orde pola Presidencia por inxerencia, intromisión ilexítima, alteración, ou interrupción da sesión, é así conste na Acta ou no borrador da Acta da sesión, poderáselles limitar, mediante Resolución motivada da Alcaldía, a súa asistencia ás sesións por un prazo de dous a catro meses en función da relevancia e intensidade da perturbación ocasionada.*

4. *A policía municipal realizará Parte de Servizo dos feitos que perturben o desenvolvemento da Orde do Día ou a adopción de acordos e daqueles outros que supoñan alteración do orden público da sesión ou falta de respecto e consideración os membros da Corporación; no caso de que os servizos xurídicos consideren que os mesmos son constitutivos de infracción penal formularase denuncia.»*

Segunda.- No informe do Servizo da Policía Local de data 26/02/2024, respecto das incidencias durante a celebración do pleno consta:

«... en un momento dado de la celebración del pleno, entorno a las 09:30h y por un espacio de cinco minutos, los referidos trabajadores y concretamente la



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/02/2024 12:32	Páxina 1 de 3
240072034	CSV: A2AB42-21A14H-CEB62C-RZRFBV-VGV3VE-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

identificada como Silvia Pérez Piñeiro, interrompe la celebración del mismo, transmitiendo a los allí presentes, en un tono y con un discurso respetuosos, un comunicado reivindicativo sobre la situación de los trabajadores de Vitrasa. Que debido a ello, el Presidente de la Corporación que en ese momento presidía la sesión del Pleno, procede a suspender el mismo por un espacio de 10 minutos. Que tras el comunicado de los trabajadores, éstos abandonan el salón de Plenos sin más incidencia».

Terceira.- Consta igualmente no arquivo audiovisual da sesión plenaria, que serve de soporte á vídeo acta, que dende as 9:25 h. ata as 09:35 h., aproximadamente, procedeuse a suspensión do pleno con motivos da interrupción citada.

Á vista do sinalado no parte de servizo da Policía Local e no arquivo audiovisual da sesión plenaria de 26/02/2024, consta que no transcurso da celebración desa sesión produciuse a interrupción e suspensión da sesión por causa das interrupcións e chamadas á orde pola Presidencia da sesión por parte do público asistente á mesma, téndose que deter o desenvolvemento normal da sesión polo que, de acordo co art. 49.3 do Regulamento transcrito se lles pode limitar o acceso á futuras sesións.

Procede aplicar a escala inferior da gradación establecida no devandito artigo.

Polo tanto en uso das competencias atribuídas polo art. 49.3 do regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo, **RESOLVO:**

Primeiro.- Limitar a asistencia as sesións do Pleno do Concello polo prazo de dous meses contados dende a data da sinatura desta resolución ás seguintes persoas identificadas no parte de servizo da Policía Local citado no antecedente segundo e polos motivos no mesmo recollidos.

- Sr. Pérez Rodríguez; DNI ***0689**
- Sra. Pérez Piñeiro; DNI ***3352**
- Sr. Rodríguez Martínez; DNI ***4817**
- Sr. Castro Filgueira; DNI ***5821**
- Sr. Prado Lubiáns; DNI ***7783**

Segundo.- Notificar aos interesados e publicar a presente resolución no taboleiro de edictos e sede electrónica do Concello-

Terceiro.- Contra esta resolución e de conformidade co previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo, poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao presente notificación, ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa. Se se interpón o primeiro, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/02/2024 12:32	Páxina 2 de 3
240072034	CSV: A2AB42-21A14H-CEB62C-RZRFBV-VGV3VE-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Cuarto.- Dar traslado da presente resolución á Xefatura da Policía Local do Concello de Vigo para a efectividade da mesma.

JVF

Vigo, data da sinatura dixital,

O ALCALDE

Abel Caballero Alvarez

Dou fe, o Secretario de Administración Municipal
Jose Villán Fuertes



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/02/2024 12:32	Páxina 3 de 3
240072034	CSV: A2AB42-21A14H-CEB62C-RZRFBV-VGV3VE-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

